

Homenaxe a Victoriano Taibo

SECCIÓN DE LINGUA E LITERATURA DO IEM

O escritor e académico Victoriano Taibo, que viviu entre 1885 e 1966, foi mestre de Morgadáns durante 20 anos, dende 1930 ata 1950, e agora os seus antigos veciños e alumnos, organizados polo IEM, quixeron renderlle unha merecida homenaxe para recuperar da néboa do esquecemento unha figura sobranceira das letras e da cultura galega. Os actos leváronse a cabo os días 14 e 15 de novembro de 2008 e contou cunha xenerosa asistencia de público e a desinteresada colaboración de persoas relacionadas co mundo da cultura tanto no Val Miñor como noutras partes de Galicia. Ademais da dedicación do IEM e dos seus colaboradores, cómpre destacar a participación doutras entidades no necesario financiamento das distintas actividades. Debemos citar, en primeiro lugar, á Entidade Local de Morgadáns que correu cos gastos da convocatoria, promoción e dotación do I Premio de Poesía Victoriano Taibo – Entidade Local de Morgadáns, así como da edición do libro premiado. A Consellería de Cultura financiou o número monográfico da Revista de Estudos Miñoranos dedicado a este persoeiro. As empresas Adoa e Aguasana financiaron a reedición do libro de Taibo *Da Agra aberta* e, ademais, fixeron achegas económicas importantes o Concello de Gondomar e Caixanova.

Os actos, que se desenvolveron nos locais da Escola de Guillufe na que Taibo viviu e impartiu a súa docencia, foron presentados e conducidos maxistralmente por Araceli Gonda. O día 14 Miguel Anxo Mouriño e José Luís Alonso presentaron os libros, editados polo IEM, *Da Agra Aberta*, reedición do libro de contos e lendas de Victoriano Taibo, e *Revista Monográfica*, número especial da Revista de Estudos Miñoranos con artigos de ensaio e investigación sobre a vida e a obra do personaxe homenaxeado. A continuación Marta Dacosta, Manuel Forcadela e Xesús Alonso Montero, presentados por Rexina Vega, faláron sobre *A obra poética*, *A obra narrativa* e *A lingua* (respectivamente) de Victoriano Taibo. E, finalmente, Armando Requeixo e Luís Alonso Girgado presentaron a edición nun único volume dos inéditos *Abicedo* e *Cabrinfolas*, realizada por Follas Novas.

O día 15 tivo lugar no exterior do edificio a inauguración da placa (da autoría de Fino Lorenzo) que o vincula á memoria de Taibo, coa participación da súa filla, Gloria Taibo, e netos, o representante da RAG, Francisco Fernández Rei, o director



Acto de descuberta da placa. De esquerda a dereita: Miguel Rodríguez, Gloria Taibo, Paco Fernández Rei, Urbano Esmerode, Antonio Araúxo, Carlos Méixome e M^a Xesús López Escudeiro.

do IEM, Carlos Méixome, o presidente da Entidade Menor, Urbano Esmerode, o alcalde de Gondomar, Antonio Araúxo, e a delegada provincial de Cultura, María Xesús López Escudeiro, co acompañamento musical do grupo de gaitas local Balcón do Miñor.

Os actos continuaron no interior para escoitar a conferencia do representante da Real Academia Galega Francisco Fernández Rei quen, ao rematar o seu discurso, recibiu de mans de Araceli Gonda unha solicitude, asinada pola maioría dos participantes nesta homenaxe, para que a Academia lle dedique a Taibo un Día das Letras Galegas. Seguiron as palabras de M^a Xesús López Escudeiro, delegada da Consellería de Cultura. A continuación Carlos Negro recolleu o I Premio de Poesía citado consistente nunha escultura de Fino Lorenzo, tres mil euros e a publicación do libro, que foi presentado neste mesmo acto polo propio autor, quen recitou anacos da súa obra. Seguiu un recital de poemas de Victoriano Taibo na voz dalgúns dos seus ex alumnos e veciños, que a continuación participarían nunha mesa moderada por José Luís Alonso para recordar anécdotas do mestre. Finalmente tomou a palabra Miguel Rodríguez, xenro de Victoriano Taibo, e agradeceu as homenaxes recibidas polo seu sogro. A clausura estivo a cargo de Antonio Araúxo, alcalde de Gondomar, e o acto finalizou cunha nova actuación do grupo de gaitas. Os asistentes trasladáronse aos sotos do edificio onde se serviu un albaroque agradable e moi concorrido.



Bruno Centelles

Os participantes no acto do día 14. De esquerda a dereita Luis Alonso Gírgado, Xesús Alonso Montero, Marta Dacosta, Armando Requeixo, Rexina Vega, Manuel Forcadela, Miguel Anxo Mourifiño, Araceli Gonda e José Luis Alonso.




Bruno Centelles

Antes do comezo do acto



Xosé Lois Vilar

Exterior. Fernández Rei e Esmerode descubren a placa



Bruno Centelles

Un aspecto do posto de libros de Libraída



Bruno Centelles

A placa descuberta en lembranza de Taibo



Bruno Centelles

Mesa de alumnos e veciñas de Victoriano Taibo. De esquerda a dereita: Severino Chamadoira, Rosa Rial, Clotilde Gonda Moreira, Chelo Rial, Esther Pérez, Luis Gonda e José Luis Alonso.



Bruno Centelles

A filla Gloria Taibo Rebolgar




Xosé Lois Vilar

O presidente da Entidade Local, Urbano Esmerode, faille entrega do premio a Carlos Negro



Bruno Centelles

Miguel Rodríguez, xerxo de Taibo



Xosé Lois Vilar

Un aspecto da sala no acto do día 15



Bruno Centelles

O grupo de gaitas Balcón do Miñor